



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 1/2015

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL QUINCE.

En Paradelá, a vinte e nove de xaneiro de 2015

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e tres minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR (Incorporouse á sesión ás 13:10 horas no punto cuarto da orde do día).
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asisten D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ, xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27 DE NOVIEMBRE DE 2014.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 27 de novembro de 2014, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López Izquierdo, dicindo que non vai aprobar a acta xa que no debate da última Moción non se recolle nin a intervención de vinte e cinco minutos do Alcalde, nin tampouco a de outro Concelleiro que interviú no Pleno, e do mesmo xeito que fai o seu Grupo entende que o PP tamén lle pode remitir a o Secretario os argumentarios.

O Sr. Alcalde di que o contido da acta é un resumo sucinto.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 27 de novembro de 2014.

O resultado foi de aprobación pola maioría absoluta dos Concelleiros, cos oito votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, polo voto en contra da Concelleira do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde facendo un resumo do contido do Convenio, e a súa vinculación coas entidades locais relativo ao imposto de circulación, e que ante a visita hai dous meses da Xefa de Tráfico de Lugo, onde acordaron que se presentaría ao pleno esta proposta para que os veciños de Paradela podan tramitar o cambio de domicilio do permiso de circulación sen ter que desprazarse a Lugo e facelo dende o Concello.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía:

“Visto o Convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado o 15 de marzo de 2006.

Vista a cláusula Cuarta número 8 do Convenio que establece que as Entidades Locais adheridas recollerán o permiso de circulación do solicitante do cambio de domicilio para tramitar, en representación do mesmo, o cambio de domicilio ante a Xefatura Provincial de tráfico que corresponda.

A vita do anterior e coa documentación contida no expediente, o texto do citado Convenio así como a Instrucción 11/V-94 relativa a eliminación do domicilio fiscal no permiso de circulación, co fin de facilitar aos cidadáns do Concello de Paradela, o citado trámite sen necesidade de desprazarse á Xefatura Territorial de Tráfico correspondente e facelo dende as dependencias municipais, O Alcalde-Presidente do Concello de Paradela, propón ao Pleno da Corporación.

PRIMERO.- Adherirse en todos os seus termos ao Convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado o 15 de marzo de 2006.

SEGUNDO.- Delegar formalmente no Alcalde-Presidente a representación en cantos trámites correspondan a este Concello.

TERCERO.- Trasladar copia certificada de este acordo íntegro á Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Paradela, a 19 de xaneiro de 2015. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

A continuación sen que houbera debate algún, procedeuse a votar a Proposta de Alcaldía, que resulta aprobada pola unimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión, sendo once o seu número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES.

Toma a palabra o Sr. Alcalde facendo un resumo das normas legais que dan lugar a esta ordenanza, así como as vantaxas que reporta aos cidadáns na execución de obras menores, onde a través dunha declaración responsable poden iniciar as obras que despois serán supervisadas polos técnicos municipais.

Neste intre, sendo as 13:10 horas, incorpórase á sesión, D^a Montserrat Mulet Sar.

Consta no expediente, a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Considerando necesario proceder a aprobación da **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES**, segundo se xustifica na memoria da alcaldía de data 19 de xaneiro de dous mil quince, onde se recolle como razoamentos nos que se fundamente a proposta, e dar cumprimento á Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, aprobada con data 12 de decembro, de 2006; Lei 17/2009, de 23 de novembro, que regula o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Lei 8/2012, de vivenda de Galicia e Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos; en relación ás obras menores, caracterizadas pola súa especial sinxeleza e simplicidade, nas que as comprobacións previas non teñen incidencia sobre o seu contido e para as cales se pretende establecer un procedemento abreviado, co fin de facilitar e axilizar tanto os actos de intervención municipal, como a propia iniciativa dos cidadáns, simplificándose a tramitación a través do sistema de declaración responsable.*

O Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

*Expediente de aprobación **ordenanza municipal reguladora do procedemento de declaración responsable para a realización de obras menores.***

PRIMEIRO.- Aprobar, provisionalmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES.

SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o Regulamento e a Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

CUARTO.- A Ordenanza entrarán en vigor transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril unha vez se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela, 21 de xaneiro de 2015. O Alcalde. Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS MENORES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intervención no ámbito urbanístico da Administración municipal, na actividade dos particulares, veuse realizando tradicionalmente mediante a verificación previa da súa adecuación á ordenación urbanística e normativa sectorial vixente na materia, o que dá lugar á conseguinte concesión de licenza urbanística, regulada no artigo 194 e seguintes da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A licenza urbanística é unha autorización municipal de carácter regrado que, sen prexuízo de terceiros, permite a execución de obras e a implantación de usos que os instrumentos urbanísticos teñan previsto.

Esta técnica de intervención administrativa baséase no control previo á execución de actos de edificación e uso do solo, para garantir a adecuación e sometemento á legalidade e ao planeamento urbanístico.

Fronte a este marco legal, estase producindo unha transformación que se inicia coa Directiva 2006/123/CE, do Parlamento europeo e do Consello, aprobada con data 12 de decembro, de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, mediante a cal se pretende fixar o obxectivo de alcanzar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea, a través da eliminación de barreiras legais e cargas administrativas, de forma que desapareza normativa innecesaria e inxustificada que actualmente limita o desenvolvemento de actividades de servizos. O Estado español traspuxo a citada Directiva coa aprobación da Lei 17/2009, de 23 de novembro, que regula o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, norma que supón un novo marco de referencia.

Para alcanzar os principios plasmados na anterior lei, foi necesario reformar o marco regulador, dando lugar á aprobación da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Mediante esta lei, son introducidas diversas reformas da lexislación estatal, dentro das cales se encontran as novas fórmulas de intervención na actividade dos cidadáns, como son a comunicación previa e a declaración responsable que aparecen na nova redacción dada ao artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local; así como no artigo 71-bis, que modifica a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Máis recentemente, a lexislación autonómica, a través da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, vén a introducir, na disposición adicional décimo quinta, un novo punto 5-bis ao artigo 195, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medido rural de Galicia coa seguinte redacción: Sen prexuízo do establecido no punto anterior, os



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.

Pola súa parte, a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, estableceu a inesixibilidade de licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar as actividades comerciais previstas no seu artigo 2 (actividades comerciais polo miúdo e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 300 metros cadrados) cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación. Se ben, exceptúa deste réxime as obras de edificación que fosen precisas conforme ao ordenamento vixente, as cales se seguirán regulando en canto á esixencia de licenza previa, requisitos xerais e competencia para o seu outorgamento pola súa normativa correspondente.

Esta técnica de intervención configúrase na Lei 12/2012 como un procedemento non dispoñible para os municipios, de forma que así, de conformidade con canto se establece polo seu artigo 3.1: Para o inicio e o desenvolvemento das actividades comerciais e servizos definidos no artigo anterior, non poderá ser esixida, por parte das administracións ou entidades do sector público, a obtención de licenza previa de instalacións, funcionamento ou de actividade, nin outras de clase similar ou análoga... Dispoñendo o apartado 3.º, do mesmo artigo, que: Non será esixible licenza ou autorización previa para a realización das obras ligadas ao acondicionamento dos locais para desempeñar a actividade comercial cando non se requira a presentación de proxectos... Prescindir, polo tanto, nestes casos do procedemento de declaración responsable con control posterior podería viciar de nulidade de pleno dereito os actos concesión de licenzas como actos administrativos de control previo –preámbulo da Lei 12/2012, parte I, penúltimo parágrafo-.

Por outra parte, no ámbito urbanístico establécese tradicionalmente a distinción entre as denominadas obras maiores e menores, definindo como menores aquelas obras que se caracterizan pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade construtiva e económica, tal e como queda recollido no artigo 195.3, da Lei 9/2002.

A análise continuada dos procedementos administrativos que se seguen ante a administración urbanística municipal en orde á concesión de licenzas para obras cualificadas como menores, pon de manifesto que é posible establecer unha diferenciación entre estas, xa que hai algunhas que, pola súa sinxeleza especial e simplicidade, non requiren o mantemento dun réxime de autorización previa e outras que, pese a ser sinxelas, requiren, non obstante, unha comprobación ou autorización previa, a adopción dalgunhas cautelas ou a imposición de condicións determinadas con carácter previo.

Por este motivo, elaborouse a presente ordenanza, na que se recolle unha relación de obras menores recollidas no seu artigo 2; caracterizadas pola súa especial sinxeleza e simplicidade, nas que as comprobacións previas non teñen incidencia sobre o seu contido e para as cales se pretende establecer un procedemento abreviado, o que facilita e axiliza tanto os actos de intervención municipal, como a propia iniciativa dos cidadáns, simplificándose a tramitación a través do sistema de declaración responsable.

Foron excluídas, deste réxime de declaración responsable, aquelas obras que aínda sendo de escasa entidade afecten a edificios catalogados no planeamento municipal ou que se sitúen no seu contorno de protección, aquelas que requiran autorización ou informe doutras administracións, salvo que a autorización se achegue coa declaración responsable, así mesmo,

son excluídas as que supoñan un uso privativo de dominio público e as que precisen da excepción das condicións de habitabilidade.

A presente ordenanza pretende sinxeleza e simplicidade, sen perder eficacia; para iso organízase a través de sete artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

Para concluír, é necesario recalcar que o principio inspirador desta ordenanza vén marcado polo interese xeral que supón a eliminación de obstáculos e reducir trabas inxustificadas, facilitando e simplificando os procedementos daquelas obras menores que, pola súa simplicidade e sinxeleza, poden ser declaradas responsablemente ante a Administración municipal, sendo innecesaria a súa verificación previa e autorización.

Artigo 1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do procedemento, realizado por escrito ante este concello, para acometer a realización de determinadas obras de escasa entidade construtiva, sinxeleza técnica e económica; para as cales non é preciso presentar proxecto técnico e que se someterán, unicamente, ao deber de declaración responsable por parte do interesado; todo iso, sen prexuízo das posteriores actuacións de intervención e verificación municipal.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O procedemento que regula a presente ordenanza seralles de aplicación, salvo as exclusións do artigo 3, a aquelas obras e instalacións caracterizadas pola súa escasa entidade construtiva e económica e pola súa sinxeleza técnica, que non precisen proxecto técnico, de conformidade coa Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación e a aquelas outras ligadas á implantación de actividades comerciais e de servizos sometidas, en canto á súa apertura, ao réxime de declaración responsable na correspondente ordenanza municipal, así como aos supostos regulados pola normativa urbanística autonómica.

Concretamente inclúense as seguintes actuacións:

1. Obras de conservación e mantemento das edificacións, sempre que estas non supoñan, en ningún caso, aumento do volume e non traian consigo a modificación de ningún elemento estrutural nin modificación de fachada ou afección a elementos catalogados ou en trámite de catalogación que afecten a solo rústico.

Inclúense as seguintes obras:

- a) Obras de limpeza e pintura interior dos edificios ou patios
- b) Reparación puntual de cubertas e azoteas e aquelas consistentes na reparación de problemas de humidades, filtracións, etc. sempre e cando non afecten a elementos estruturais.
- c) Pintura e acabados de fachadas ou medianeiras, así como a reparación de paramentos e/ou a substitución de elementos danados de fachadas (varandas, molduras e similares).
- d) Reparación ou substitución de carpintería exterior da mesma dimensión, sen modificar os ocós, así como a colocación de reixas e toldos en fachadas.
- e) Reparación de tubaxe de instalacións, desaugues e cloacas no interior do edificio

2. Obras de mera reforma no interior de edificios, construcións e instalacións de uso residencial que non incidan na estrutura nin na fachada deste, que teñan por obxecto o acondicionamento e conservación de elementos comúns e/ou privativos, que non modifiquen o uso nin o volume existente, que non encerren perigo nos traballos e que non se requira acreditar cumprir determinacións da normativa en vigor de obrigado cumprimento, nin modifiquen as condicións de habitabilidade, accesibilidade, salubridade e de seguridade (de utilización, contra incendios, etc.). Están incluídas, en xeral, as seguintes obras:

- a) Reforma, reparación, renovación ou modificación de revestimentos
- b) Cambio ou substitución de carpintería interior e de aparatos sanitarios
- c) Reparación, renovación ou modificación parcial das instalacións interiores
- d) Obras que impliquen pequenos cambios puntuais na distribución interior



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

3. *En edificios ou locais, con uso terciario comercial ou de oficinas, poderanse levar a cabo as obras sinaladas no apartado 2 anterior, sempre que:*

- *Non se pretenda realizar un cambio de uso*
- *Non inclúan a instalación de equipos ou de instalacións especiais que necesiten medidas correctoras (necesarias para desenvolver o uso permitido).*
- *Non modifiquen as condicións de normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación (de seguridade de utilización, contra incendios, accesibilidade, ruído, etc.).*

4. *Limpeza e roza de solares, sempre que non alteren a rasante natural do terreo*

5. *As actuacións provisionais de sondaxe e prospeccións en terreos de dominio privado e estudos xeotécnicos.*

6. *Axardinamento, pavimentación, soleiras de patios, beirarrúas perimetrais, en terreos de dominio privado, e sempre que non afecte a ningún servizo ou instalación pública nin a condutos xerais nin se altere a rasante natural do terreo.*

7. *Execución e reparación das seguintes actuacións:*

- *Construción e reforma de valos e cerramentos de parcela en solo urbano e en núcleo rural cando non se afecten a cerramentos tradicionais.*
- *Construción de terrazas exteriores sobre soleira (non cubertas con elementos permanentes e que no afecten a elementos de dominio público).*
- *Casetas para botellas de gas e depósitos de GLP*
- *Execución de pozos filtrantes*
- *Reparación de cubertas, impermeabilización e substitución de pezas de cobertura*
- *Reparación e/ou substitución de elementos e instalacións comúns do edificio (ascensores, caldeiras, equipos de bombeo, escaleiras, portais, porteiros automáticos, etc.) sen afección estrutural.*

Artigo 3.- Exclusiones

Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente ordenanza aquelas actuacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

1. *Obras que requiran proxecto técnico segundo a Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, entre outras, as obras de edificación de nova construción, de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación; así como as obras que teñan o carácter de intervención total en edificios, elementos ou espazos catalogados ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico artístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección.*

2. *Que para a actuación pretendida sexa preceptiva a autorización doutras administracións.*

3. *Que a actuación revista unha complexidade especial, que requira unha análise detida para a súa correcta valoración ou que o planeamento esixa documentación adicional á recollida nesta ordenanza.*

4. *As actuacións parciais dunha intervención xeral dun edificio ou local, suxeitas a licenza e ao planeamento vixente.*

5. *Actuacións en edificacións ou instalacións situadas en terreo clasificado como rústico, calquera que sexa a categoría á que pertencen.*

6. *Obras privadas que se pretendan desenvolver en espazo libre público*

7. No caso de que o inmovible no que se pretendan executar as obras estea sometido ao réxime de Edificacións en situación de fóra de ordenación, só poderá formular declaración responsable quen posúa a súa titularidade. A formulación da Declaración responsable, para a execución de obras neses inmoables, implica que quen a formula renuncia de forma expresa ao incremento que, respecto o valor de expropiación do inmovible, poida representar a execución das ditas obras.

8. Actuacións que teñan por finalidade o cambio do uso global dun edificio ou de parte deste ou a modificación do número de vivendas ou locais.

9. Inmovible catalogado ou en trámite de catalogación

10. Segregación de terreos en solo rústico

11. O uso utilización do dominio público mediante conducións, valos, contedores, estadas, etc. con motivo da execución de obras sometidas ao réxime de declaración responsable.

Artigo 4.- Documentación para aportar

1. Con carácter xeral para todos os supostos:

- Declaración responsable cos datos persoais de identificación e dirección para os efectos de notificación, de acordo co modelo normalizado.

- Acreditación, no seu caso, da representación cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.

- Plano de situación da obra referido á cartografía do Planeamento Municipal. Poderá ser facilitado pola oficina de Servizos Técnicos Municipais.

- Esbozo acoutado das obras que se pretenden realizar, con indicación exacta da situación das obras dentro da edificación ou das parcelas.

- Descrición das obras para realizar, con relación de materiais e acabados que se van utilizar.

- Fotografías do interior e fachadas do estado actual do local ou vivendas nas que se intervén.

- Presuposto da obra, no que se indique o número de unidades de obra para realizar e o seu custo de execución material.

- Autoliquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras e das taxas que correspondan; así como xustificante de pagamento dos tributos correspondentes cando sexa preceptivo, conforme ás ordenanzas fiscais deste municipio.

2. Nas obras que teñan por obxecto o cerramento de parcela e solares deberase de incorporar a seguinte documentación:

- Nos cerramentos de parcelas, situadas en solo clasificado como urbano e solo de núcleo rural, deberase incorporar plano de aliñacións axustando o cerramento a estas.

- No solo clasificado como núcleo rural xustificarse, mediante fotografías, a non existencia de muros ou cerrumes de tipo tradicional.

3. Nas obras de acondicionamento de locais, que modifiquen a distribución, así como nas obras de adecuación funcional de vivenda, deberase presentar a documentación asinada polo técnico competente.

4. Nas obras de substitución de carpintería exterior, que difiran do modelo, material e cor existente, incorporarse o acordo da comunidade de propietarios, no que se comprometen a adaptarse á nova proposta, en sucesivas substitucións.

Artigo 5.- Procedemento

A tramitación das declaracións responsables deberá axustarse ao seguinte procedemento:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

1. A declaración responsable deberá efectuarse en documento normalizado conforme ao modelo do anexo I, da presente ordenanza, xunto coa documentación que para cada actuación concreta se especifique no referido anexo.

2. O rexistro da documentación completa no órgano competente, para coñecer da actuación de que se trate, equivalerá á toma de coñecemento por parte da Administración municipal.

3. Analizada a documentación e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico e ás prescricións da presente ordenanza, a tramitación dos actos suxeitos a declaración responsable finalizará dalgunha das seguintes formas:

a) Unha vez efectuada a declaración, baixo a súa responsabilidade, a declaración de que se cumpre con todos os requisitos esixibles para executar as obras e presentada, esta, ante o concello, xunto con toda a documentación esixida no Anexo I da presente ordenanza, estará habilitado para o inicio das obras, sen prexuízo do disposto nos apartados seguintes.

b) Cando a documentación achegada sexa insuficiente (presumírase que a obra para realizar está excluída do ámbito de aplicación da presente ordenanza), no prazo de dez días, comunicaráselle ao interesado que se absteña de executar a súa actuación, concedéndolle prazo de emenda da documentación esixible.

c) Cando se estime que a declaración responsable non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo de dez días hábiles, notificaráselle ao solicitante de que se absteña de executar a súa actuación, continuando a tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas ordinario.

d) Cando a actuación comunicada mediante declaración responsable non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de dez días hábiles, notificaráselle esta circunstancia ao solicitante, indicándolle que debe absterse de continuar coa actuación e paralizar, de inmediato, as obras e instalacións iniciadas.

O procedemento de declaración responsable non supón, en ningún caso, que estas actuacións poidan entenderse non suxeitas ao deber de intervención administrativa, que adoptará a formula de inspección posterior e verificación do axuste do executado e declarado.

No suposto de actividades ou servizos que requiran a execución dunha obra previa ou instalación menor, achegarase, igualmente, a memoria ou proxecto da actividade correspondente que se tramitarán nun único procedemento con preferencia do procedemento de concesión de licenza, comunicación previa ou declaración responsable do servizo ou actividade para prestar.

Non obstante o anterior, poderase tramitar e entender outorgada, tras seguimento do procedemento legalmente establecido, a autorización para o inicio das obras reguladas na presente ordenanza e de forma previa á autorización da actividade cando quen teña a dispoñibilidade civil do inmovible asuma a plena responsabilidade das consecuencias que puideran derivar dunha eventual denegación posterior da declaración responsable en materia de actividades. Así a asunción da plena responsabilidade deberá facerse constar ben en instrumento público notarial ou ante o secretario do concello.

Artigo 6.- Consulta previa

Con carácter previo á presentación da declaración responsable, o interesado poderá efectuarlle consulta ao concello acerca do sometemento ou non das obras para realizar ao réxime de declaración responsable, regulado na presente ordenanza. O resultado desta consulta, que se resolverá no prazo máximo dun mes desde a súa presentación, terá carácter vinculante.

Artigo 7.- Prazos para a execución de obras sometidas a declaración responsable

As obras poderán iniciarse de forma inmediata, non obstante:

1. Os prazos para iniciar e concluír as obras, sometidas a declaración responsable, serán os establecidos na lexislación urbanística e no Plan Xeral de Ordenación Municipal para as licenzas.

2. Unha vez transcorridos, sen que se levaran a cabo as actuacións para as que foi presentada a declaración responsable ou ben non se finalizaran estas, producirase a extinción, audiencia previa ao interesado, do dereito que lle asiste e, no caso de querer iniciar ou continuar as obras, deberá presentar de novo unha declaración responsable con toda a documentación necesaria.

3. Non se admitirá ningún tipo de prórroga naquelas actuacións urbanísticas que se tramiten a través da declaración responsable, salvo paralización por forza maior ou xusta causa.

Disposición Adicional Primeira

As obrigas tributarias derivadas das actuacións que se autoricen polo procedemento aquí rexrado rexeranse pola ordenanza fiscal correspondente.

Disposición Transitoria

A presente normativa non lle será de aplicación a aqueles procedementos que se iniciaran con anterioridade á data da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas aquelas disposicións municipais de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na presente ordenanza.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días, que contarán desde o día seguinte á súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincial, de conformidade co establecido no artigo 70, da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

Modelo normalizado de “Declaración responsable”. Indicado no artigo 4.1, da presente ordenanza.

I DATOS DO SOLICITANTE:

<i>NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:</i>
<i>REPRESENTANTE (NOME E APELIDOS):</i>
<i>NIF/CIF / ou equivalente:</i>
<i>DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:</i>
<i>LOCALIDADE / CÓDIGO POSTAL:</i>
<i>PROVINCIA/ PAÍS:</i>
<i>TEL. FIXO/ TEL. MÓBIL/ FAX:</i>



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

CORREO ELECTRÓNICO:

NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:

Se desexa que o MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE SEXA MEDIANTE COMPARECENCIA NA SEDE ELECTRÓNICA desta administración, indique o correo electrónico e/ou o número de teléfono móbil onde desexe recibir un aviso para que acceda á sede e ao contido da notificación.

Correo electrónico:

Número de teléfono móbil (aviso vía SMS):

O interesado poderá, en calquera momento, revocar o consentimento para que as notificacións deixen de efectuarse por vía electrónica, en cuxo caso, deberá comunicarllo así ao órgano competente e indicar o enderezo onde practicar as futuras notificacións.

2. TIPO DE ACTUACIÓN (Descrición):

.....
.....
.....

TIPOLOXÍA DAS OBRAS (Marque cun X o que proceda):

- Obras de limpeza e pintura interior dos edificios ou patios*
- Reparación puntual de cubertas e azoteas, reparación de problemas de humidades, filtracións, etc. (sempre e cando non afecten a elementos estruturais).*
- Pintura e acabados de fachadas ou medianeiras, reparación de paramentos e/ou a substitución de elementos danados de fachadas (varandas, molduras e similares).*
- Reparación ou substitución de carpintería exterior da mesma dimensión, sen modificar os ocós, a colocación de reixas e toldos en fachadas.*
- Reparación de tubaxe de instalacións, desaugues e cloacas no interior do edificio*
- Obras de mera reforma no interior de edificios, construcións e instalacións de uso residencial que non incidan na estrutura nin na súa fachada que teñan por obxecto o acondicionamento e conservación de elementos comúns e/ou privativos, que non precisen de dirección de obra, que non modifiquen o uso nin o volume existente, que non encerren perigo nos traballos nin responsabilidade de facultativo e que non se requira acreditar cumprir determinacións da normativa en vigor de obrigado cumprimento, nin modifiquen as condicións de habitabilidade, de accesibilidade, salubridade e de seguridade (de utilización, contra incendios, etc.).*
- Reforma, reparación, renovación ou modificación de revestimentos*
- Cambio ou substitución de carpintería interior e de aparatos sanitarios*
- Reparación, renovación ou modificación parcial das instalacións interiores*

- Obras que impliquen pequenos cambios puntuais na distribución interior*
- Limpeza e roza de solares, sempre que non alteren a rasante natural do terreo*
- As actuacións provisionais de sondaxe e prospeccións en terreos de dominio privado e estudos xeotécnicos.*
- Axardinamento, pavimentación, soleiras de patios, beirarrúas perimetrais, en terreos de dominio privado, e sempre que non afecte a ningún servizo ou instalación pública nin a condutos xerais nin se altere a rasante natural do terreo.*
- Construción e reforma de valos e cerramentos de parcela en solo urbano e en núcleo rural cando non se afecten a cerramentos tradicionais.*
- Construción de terrazas exteriores sobre soleira (non cubertas con elementos permanentes e que no afecten a elementos de dominio público).*
- Casetas para botellas de gas e depósitos de GLP*
- Execución de pozos filtrantes*
- Reparación de cubertas, impermeabilización e substitución de pezas de cobertura*
- Reparación e/ou substitución de elementos e instalacións comúns do edificio (ascensores, caldeiras, equipos de bombeo, escaleiras, portais, porteiros automáticos, etc.) sen afección estrutural.*

OBSERVACIÓNS:

.....

3. DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cun X a documentación que se anexa)

- Acreditación da representación (cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica).*
- Plano de situación da obra referido á cartografía do Planeamento Municipal*
- Esbozo acoutado das obras que se pretenden realizar, con indicación exacta da situación das obras dentro da edificación ou das parcelas.*
- Descrición das obras para realizar, con relación de materiais e acabados que se van utilizar.*
- Fotografías do interior e fachadas do estado actual de local ou vivendas nos que se intervén.*
- Presuposto da obra, no que se indique o número de unidades de obra para realizar e o seu custo de execución material.*
- Autoliquidación do imposto sobre construcións, instalación e xustificante de ingreso dos tributos aplicables, segundo as ordenanzas fiscais en vigor.*
Nas obras que teñan por obxecto o cerramento de parcela e solares, deberase de incorporar a seguinte documentación:
- Nos cerramentos de parcelas, situadas en solo clasificado como urbano e solo de núcleo rural, deberase incorporar plano de aliñacións axustando o cerramento a estas.*
- No solo clasificado como núcleo rural, xustificarse mediante fotografías a non existencia de muros ou cerrumes de tipo tradicional.*

Nas obras de acondicionamento de locais, que modifiquen a distribución, así como nas obras de adecuación funcional de vivenda:

- Documentación firmada polo técnico competente*
Nas obras de substitución de carpintería exterior, que difiran do modelo, material e cor existente:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

- Acordo da comunidade de propietarios, no que se comprometen a adaptarse á nova proposta, en sucesivas substitucións.*

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O declarante DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para realizar as obras de conformidade aos datos, circunstancias expresadas e documentos achegados; a teor do disposto no art. 71, 1 bis, da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e arts. 2 a 5 e anexo I, da ordenanza reguladora do procedemento de declaración responsable para a realización de obras menores do concello de..... (BOP n.º, de, de

A obra iniciárase o...../ / (No caso de non indicar a data, entenderase que a obra se iniciará a partir da presente declaración).

Os prazos para iniciar e concluír as obras sometidas a declaración responsable serán os establecidos na lexislación urbanística e no Plan Xeral de Ordenación Municipal para as licenzas. Unha vez transcorridos sen que se levaran a cabo as actuacións para as que foi presentada a declaración responsable ou ben non finalizaran estas, producirase a extinción, audiencia previa ao interesado, do dereito que lle asiste e, no caso, de querer iniciar ou continuar as obras, deberá presentar de novo unha declaración responsable con toda a documentación necesaria. Non se admitirá ningún tipo de prórroga naquelas actuacións urbanísticas que se tramiten a través da declaración responsable, salvo paralización por forza maior ou xusta causa (Art. 7, ordenanza).

NOTAS INFORMATIVAS:

1.- O apartado 4 do artigo, 71 bis, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que: A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que tivera lugar. Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente; así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso, conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

2.- En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal e a información que lle facilita ao concello para tramitar a súa declaración responsable poderán ser incorporados e tratados nos ficheiros automatizados dos que é responsable este concello, para a súa utilización no exercicio das súas funcións propias dentro do seu ámbito de competencias. En todo momento, e de conformidade coa lexislación vixente, poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación por medio de solicitude dirixida a este concello”.

Sen que se produza debate algún, procédese á votación da proposta, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concellerios que asisten á sesión (oito membros do Grupo Municipal do Partido Popular e unha do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO CUARTO TRIMESTRE DE 2014.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao cuarto trimestre de 2014, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

A fiscalización exerceuse de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante) , emitíndose o seguinte informe na estrita orde económica, con relación ao **artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 30 días.**

CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe límitase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2014.**

LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requerir a remisión dos citados informes.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Queda claro que do mencionado precepto derívase a *obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei* para o pago das obrigas do Concello de Paradela, *que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes* nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga de *remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial*, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, *sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello*.

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local,”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas a continuación.

INFORME DE PAGOS REALIZADOS:

<i>Nº pagos realizados dentro período legal de pago</i>	<i>Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago</i>	<i>Nº pagos realizados fóra período legal de pago</i>	<i>Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago</i>
124	223.912,21 €	0	0,00 €

O Período medio de pago foi de 19,0157 días e o período medio de pago excedido foi de 0,00 días o que supón que os pagos realizados no cuarto trimestre de 2014 non supera os trinta días contemplados na lexislación vixente, e polo tanto cumprindo as prescripción legais.

O período medio do pendente de pago foi de 37,965 días; resultando que a media de ambas magnitudes, é dicir, o período medio de pago e do período medio do pendente de pago é de 28,49 días, polo que se cumpre as prescripcións legais de non superar os trinta días.

INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

<i>Nº de operacións pendentes dentro periodo legal de pago</i>	<i>Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal de pago</i>	<i>Nº de operación pendentes fóra do periodo legal de pago</i>	<i>Importe de operacións pendentes fóra do periodo legal de pago</i>
37	78.016,64 €	1	35.090,00 €

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: 0,00 €

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA : NINGUNHA

Paradela, 15 de xaneiro de 2015. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”

O Pleno dase por enterado.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTEVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2014.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao cuarto trimestre de 2014, co seguinte tenor literal:

“INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante RDL 2/2004).*
- *RDL 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.*
- *Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*
- *Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

II.- ANTECEDENTES DE FEITO

Resultando que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en diante LOEPSF, regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza en correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio levou ao lexislador para establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obrigación das Administracións Públicas de fornecer toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada Lei, e das normas e acordos que se adopten no



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

Considerando que o desenvolvemento regulamentario a que se refire o devandito artigo de LOEPSF, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto, sobre as obrigacións trimestrais de subministración de información, recolleuse no seu artigo 16.

Os artigos 14 e 16 da Orde, sobre obrigacións mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da Orde.

Resultando que o artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obrigación de remisión e recepción de información nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

Por todos os feitos e fundamentos de dereito descrito emítese o seguinte;

II.- INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obrigación de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da Lei 2/2012, LOEPSF, e o desenvolvemento do mesmo realizado pola Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto co contido dos artigos 4 e 16 da mesma, este secretario-interventor cumpriu coa súa obrigación de remisión de subministración da información trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2014, en tempo e forma, o 21/01/2015. Envorcándose a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na Oficina Virtual das Entidades Locais, achégase xustificante no expediente.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Para fornecer a información requirida, correspondente ao cuarto trimestre de 2014, e a pesar de que a normativa, non esixe de maneira específica a elaboración dun informe nin o seu posterior tratamento, esta intervención considera necesario a elaboración do presente informe, que resume a información envorcada, os principais criterios de estimación seguidos, e que recolle as conclusións respecto das previsións de cumprimento ou de incumprimento ao peche do exercicio orzamentario dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.

Hai que destacar que a propia plataforma telemática habilitada para o envorcado da información, recolle no apartado 4 Peche do informe de avaliación e firma, a necesidade de dar traslado ao pleno da Corporación do resultado do informe de avaliación. O capítulo IV da LOEPSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio podería, impoñer ás entidades locais, cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Doutra banda, abundando na necesidade de dar conta ao Pleno, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria, establecía no seu artigo 16.2 a obrigatoriedade de emitir informe de intervención de cumprimento do obxectivo de estabilidade e dar conta ao Pleno nos supostos de expedientes de modificación de créditos. Na actualidade tras a entrada en vigor da LOEPSF e a Orde

Ministerial de desenvolvemento sobre as obrigacións de subministración de información, segundo contestación emitida pola Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais a pregunta de Cosital Network, a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto non é requisito previo necesario para a aprobación dos expedientes de modificación, senón que procede a actualización trimestral do informe de intervención de cumprimento dos obxectivos a que se refire a Orde HAP2105/2012. Cálculo do que pode derivarse de maneira preceptiva a elaboración dun Plan Económico Financeiro por incumprimento de obxectivos.

Por todo iso, do presente informe considérase necesario dar traslado á Alcaldía, para que se proceda á súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contido da información

A información para fornecer para dar cumprimento á obrigaón de remisión, é parte da que se recolle no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e materializouse nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, cumprimentados a través da Oficina Virtual antes citada, que non recolleu o total da información detallada no artigo. No terceiro trimestre vanse a utilizar os mesmos formularios e a previsión é de que no cuarto completásense para detallar a totalidade de información que se recolle no citado artigo 16.

Se adxunta copia impresa dos formularios remitidos:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos presupuestarios

Resumen Clasif. Económica

Desglose Ingresos correntes

Desglose Ingresos de capital e financeiros

Desglose Gastos correntes

Desglose de operación de capital e financeiras

Calendario e Presupuesto de Tesouraría

Remanente de Tesouraría

Remanente de estado de execución de orzamento

Dotación de Plantillas e retribucións

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil de vencemento da débeda nos próximos 10 anos

Dotación de plantillas e retribucións

Anexos información

F.1.1.B1 Axustes Informe de Evaluación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC

F.1.1.B2 Información para a aplicación da Regla do Gasto

A1 Xuros e rendementos devengados no exercicio (gastos)

A3 Xuros de operación con outras Administracións Públicas

A4 Avals da entidade



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

A5 Fluxos internos

B1 Venta de acción e participación

B2 Inversións efectuadas por empresas públicas por conta a Entidade Local

B3 Adquisición de acción e participación

B4 Operacións Atípicas

B5 Movementos conta "Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento"

B6 Contratos de arrendamento financeiro

B7 Asociacións público-privadas

B8 Compraventa a prazos

B9 Movementos da conta "Acreedores por devolución de ingresos"

B10 Xuros e rendementos devengados ingresos

B11 Cambios normativos que suponen variacións permanentes de recadación

B12 detalle de gastos financiados con fondos da UE ou de outras Administracións Públicas

B13 Contratos sale and lease back

B14 Préstamos fallidos concedidos no periodo

2. Ajustes a Sistema de Contas Europeo aplicables a Grupo de Entidades da Corporación

2.1 Ajustes por operacións internas entre entidades

3. Informe de Evaluación grupo Administraciones Públicas

3.0 Datos xerais do Informe de actualizado de Avaliación Corporación 4º Trimestre 2014

3.1 Validación datos informe avaliación/levantar validación

3.2 Informe de actualizado de Avaliación Resultado Estabilidade Presupuestaria

3.3 Informe de actualizado de cumprimento da Regla do Gasto 4º Trimestre 2014

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do periodo actualizado

4. Peche do Informe de Evaluación e Sinatura

IV.- CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:

Cos datos de execución orzamentaria existentes a 31 de decembro de 2014, e coas estimacións e cálculos realizados en base aos mesmos, o Concello de Paradelas:

- Cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria; capacidade de financiación da Corporación Local por importe de 136.688,66 €.

- Se estima que corporación cumprirá co obxectivo de regra de gasto.

- O nivel de débeda viva é de 209.679,33 €

Paradela, 21 de xaneiro de 2015. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

O Pleno dase por enterado.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESIXIR QUE O GOBERNO DO ESTADO E A XUNTA TOMEN AS MEDIDAS PERTINENTES PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA DOS CONSUMIDORES VULNERABLES EN SITUACIÓN DE POBREZA ENERXÉTICA.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista para esixir que o Goberno do Estado e a Xunta tomen as medidas pertinentes para garantir a subministración enerxética dos consumidores vulnerables en situación de pobreza enerxética, co seguinte tenor literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO QUE O GOBERNO DO ESTADO E A XUNTA TOMEN AS MEDIDAS PERTINENTES PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA DOS CONSUMIDORES VULNERABLES EN SITUACIÓN DE POBREZA ENERXÉTICA.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía abondo para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou se ven obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pagamento da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo o estudo de referencia realizado pola Asociación de Ciencias Ambientais (ACA) son xa sete os millóns de españois con enormes dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non. A evolución no período de catro anos é máis que dramática, incrementándose en máis dun 19 por cento o número de fogares incapaces de manter unha temperatura axeitada, evidenciando que as palabras de Rajoy sobre o final da crise, non só é unha mentira, senón que ademais é un agravio para os millóns de persoas en risco de exclusión social.

En Galicia, dada a nula xestión de Feijóo para garantir un servizo básico, a porcentaxe de fogares que non poden manter a súa vivenda coa chamada temperatura de confort é superior á media española. Como reflicte o informe "Pobreza enerxética" da Asociación de Ciencias Ambientais, dos 7.4 millóns de persoas en España, con gastos en enerxía doméstica por enriba do 10% dos ingresos, 455.000 persoas encontrábanse en Galicia. Por outro lado, dos 4.200.000 españois que non podían manter o seu fogar a unha temperatura axeitada, 192.000 son galegos.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE na enquisa de condicións de vida que sinala que o 5% dos fogares de Galicia teñen atrasos nos pagamentos relacionados coa vivenda principal, ou que o 16,6% dos fogares galegos ten moitas dificultades para chegar ao fin de mes.

A Unión Europea instou os diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer os consumidores máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética. As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres diversos países aprobaron normas que protexen os consumidores máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

sen calefacción, a lexislación española limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Creemos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e polo tanto, estimamos a oportunidade de aprobar unha Lei que inste ao Goberno de España a solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria da Administración á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce e manifesta.

Estimamos preciso que se lexisle para que a subministración de enerxía sexa un dereito social básico, que os consumidores vulnerables accedan a unha tarifa social en función dos seus ingresos e non do mercado, e o máis importante, que non haxa cortes de subministración en inverno para aquelas persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, financiando a diferenza entre a tarifa social e o consumo real a través dos Presupostos Xerais do Estado.

Entendemos que é preciso abordar a pobreza enerxética dentro dun contexto de ampliación de medidas estruturais, como son a mellora da eficiencia enerxética das vivendas vinculadas ás familias con máis dificultades, así como o apoio público á rehabilitación das vivendas que ocupan, coa finalidade de conseguir unha maior optimización dos recursos enerxéticos.

Ante todo cremos que o Goberno debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa se debe sufragar polo conxunto do sistema.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete a Pleno a seguinte:

MOCIÓN

Instar ao goberno de España a que de forma inmediata presente no congreso dos deputados para a súa aprobación unha lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética que conteña, como mínimo as seguintes medidas:

- Garantir aos consumidores vulnerables o dereito á subministración enerxética suficiente, destinada a climatización de vivenda, á iluminación e consumo de aparatos de conservación e refrixeración e a quentar auga de uso sanitario e hixiénico.

- Prohibición de interrupción da subministración enerxética ás persoas en situación de pobreza enerxética, definida como aquela situación na que os consumidores vulnerables destinen máis do dez por cento da súa renda familiar mensual para a satisfacción das necesidades enerxéticas básicas.

- Desenvolvemento dunha tarifa social para os consumidores vulnerables e en situación de pobreza enerxética que garanta a accesibilidade da subministración enerxética e que non estea vinculada ás flutuacións dos prezos de mercado.

Esixir á Xunta de Galicia a que desenvolva unha nova resolución para ampliar a contía do denominado ticket eléctrico, modificando os requisitos para ser perceptor e, vinculándoos á porcentaxe de renda familiar destinada a subministracións enerxéticas, establecido nun 10% de renda, garantindo a subministración enerxética ás familias entre o 1 de novembro e o 31 de marzo.

En Paradelas a 23 de xaneiro de 2015. Asdo. Sonsoles López Izquierdo Voceiro do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non deixan de sorprendernos vostedes con esta Moción, vostedes que nas dúas últimas lexislaturas incrementaron as tarifas eléctricas en nada menos que un 63 % e ademáis deixaron un déficit de tarifa de trinta mil millóns de euros.

As medidas que vostedes solicitan na Moción xa se están tomando, tanto polo Goberno Central onde existe un bono social, ao que teñen dereito aquelas persoas que cumpran as condicións establecidas, no que o número de consumidores que se acolle a esta medida é de 2,46 millóns, ademáis por parte da Xunta de Galicia existe o ticket eléctrico co obxecto de reducir o custo da factura para as familias con menos recursos e que no ano 2015 ten previsto un orzamento de 1,5 millóns de euros; o que se reflicte que se está a traballar neste tema e vostedes tiran de demagogia.

Toma a palabra D^a Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, dicindo que é asombroso que catro anos despois sigamos coa mesma retaña, e Rajoy que viña a salvarnos xa se be o que está a facer, estando peor que nunca. Sinala asemade que non se trata do que nos digamos, o PSOE, senón dos datos do INE, Cáritas, Asociación de Ciencias Ambientales e a propia Xunta de Galicia a través do INEGA que nun informe do 22 de xuño de 2014 se reflicte a situación deficitaria que amosa a nosa Moción, polo que non entendo que sigan coa súa película sen tomar medidas para axudar a poboación.

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo, que se está a facer o que se pode facer, estase a sacar o país do precipicio onde vostedes o deixaron e dende xullo xa se está a traballar coas tarifas e axudas as que fixen referencia anteriormente, non tendo coñecemento de que en Paradela se dea situación algunha á que vostede se refire.

D^a Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, intervén que se alegra de que en Paradela non existan este casos, pero o que lle sorprende é a falla de solidariedade que se ten co resto da xente que non vive en Paradela e se atopa en situación de dificultade.

A continuación, procédese á votación da Moción, que resulta rexeitada polos nove votos en contra dos Concellerios do Grupo Municipal Popular, polo único voto a favor da Concelleira do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO A DIMISIÓN DA CONSELLEIRA DE SANIDADE ROCÍO MOSQUERA ANTE A VULNERACIÓN DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA GARANTIR OS SERVIZOS DE HEMODINÁMICA, RADIOTERAPIA E MEDICINA NUCLEAR PROMOVIDA POLA CIDADANÍA DA PROVINCIA.

Procédese neste punto da orde do día, ao debate da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista esixindo a dimisión da Conselleira de Sanidade Rocío Mosquera ante a vulneración da iniciativa lexislativa popular para garantir os servizos de hemodinámica, radioterapia e medicina nuclear promovida pola cidadanía da Provincia, dicindo a voceira do Grupo Municipal Socialista que non se pode prometer por parte do Sr. Feijoo cousas que logo non se poden cumprir, ademáis de que a actuación da Sra. Mosquera non tivo nome e de seguro que algún dos que estamos presente temos casos próximos que coñecemos.

Procedeu a lectura da Moción co seguinte tenor literal:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO A DIMISIÓN DA CONSELLEIRA DE SANIDADE ROCÍO MOSQUERA ANTE A VULNERACIÓN DA INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA GARANTIR OS SERVIZOS DE HEMODINÁMICA, RADIOTERAPIA E MEDICINA NUCLEAR PROMOVIDA POLA CIDADANÍA DA PROVINCIA.

O pasado 16 de decembro, os veciños de Lugo asistimos, novamente, a un exercicio de cinismo por parte do Partido Popular. Esta afirmación, lonxe de ser benevolente co PP, cobra maior gravidade cando o cinismo máis vil é empregado por un Goberno que debería representar a todos os galegos, incluídos os lucenses, e que só representa certos intereses partidistas.

O citado día, institucionalizouse a discriminación cara aos lucenses ao ser aprobada a chamada Lei pola que se modifica a lei 12/2013, do 9 de setembro, de Garantías de Prestacións Sanitarias.

A orixe desa votación, non é outro que a vontade dos 350.000 lucenses, que nun exercicio de democracia participativa, promoveron unha Iniciativa Lexislativa Popular que esixía, mediante a adición dun artigo á Lei 8/2008, do dez de xullo, garantir o dereito á saúde na Provincia de Lugo, a través do desenvolvemento dos servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear.

En esencia, a ILP só buscaba eliminar a desigualdade de trato que reciben os lucenses por parte do Presidente Feijóo, a Conselleira de Sanidade Rocío Mosquera Álvarez e coa complicidade dos Deputados Autonómicos elixidos pola circunscrición de Lugo Raquel Arias, Jaime Castiñeira, José Manuel Balseiro, Agustín Baamonde, María Susana López Abella, Daniel Luís Varela Suances-Carpegna, María Isabel García Pacín, Jaime Iñiguez Martínez e Vidal Martínez-Sierra López. Eses Deputados, elixidos para representar aos intereses dos lucenses, votaron no Parlamento Galego en contra de dotar de servizos mínimos sanitarios para a súa provincia.

A votación do pasado día 16 non é máis que o punto final a unha manobra partidista do PP á ILP da sociedade lucense. A desvergonza dos deputados autonómicos do Partido Popular comezou tras a exposición do voceiro da comisión veciñal promotora da ILP, que contou co voto favorable do Partido Popular. Que despois de xogar cos tempos decidiu sumarse ao resto d grupos para apoiar de forma unánime a iniciativa.

Pouco despois, o mesmo Partido Popular que formou parte da unanimidade para aprobar a ILP, nunha nova volta de rosca, redactou numerosas emendas á Lei, desvirtuándoa por completo, e mesmo, atrasando ata 2017 os servizos esixidos pola cidadanía de Lugo de forma inmediata.

As seis emendas aprobadas en solitario polo Partido Popular de forma aleivosa e ruín, garantían a prestación das especialidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear, pero non en Lugo, e por suposto, non de xeito inmediato.

Esta actuación deshonorosa, culminou coa aprobación dunha lei, que pouco ou nada ten que ver coa Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola cidadanía de Lugo e que volve discriminar á Provincia de Lugo no acceso a unha sanidade próxima e minimamente garantista.

Esta artimaña política do Partido Popular, devolve os lucenses ao punto discriminatorio de partida. Punto que os Deputados do Partido Popular parecen descoñecer pero que se resumen nas maratonianas xornadas que os pacientes de cancro teñen que aguantar, percorrendo máis de 10.000 quilómetros nas 23 sesións de media que dura o

tratamento, para recibir unha sesión de dez minutos, ou na asistencia en horario de oficina das doenzas cardíacas.

Por todo o exposto, e considerando que os feitos son o suficientemente graves para esixir responsabilidades aos políticos que, non só permanecen de costas aos cidadáns, senón que ademais lexislan no seu contra, o Grupo Municipal Socialista somete ao pleno para o seu debate, e posterior aprobación, a seguinte:

MOCIÓN

Esixir a inmediata dimisión de Rocío Mosquera pola súa nefasta xestión á fronte da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, que institucionalizou a discriminación cara aos lucenses privándoos das mínimas garantías de acceso aos servizos sanitarios.

Manifestar o rexeitamento do Concello de Paradela ás prácticas políticas do Partido Popular e dos seus representantes na Xunta de Galicia, que deformaron o concepto de soberanía popular mediante iniciativa lexislativa recollido no Artigo 87 da Constitución Española.

*En Paradela a 23 de xaneiro de 2015. Asdo. Sonsoles López Izquierdo Voceiro do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello deParadela
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

Tras a lectura da Moción, di D^a Sonsoles López Izquierdo, que xa sabe practicamente todo o que o Alcalde lle vai dicir.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que trae a este Pleno una moción partidista e interesada, con falta de rigor e extemporánea, porque este debate xa está superado e os feitos desacreditan a Moción, polo que se lle acabou intentar sacar rédito político utilizando a sanidade e o que é máis grave aos propios pacientes, que ao noso parecer é de moi mal gusto.

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que falar cos enfermos non é manipular, polo que lle vou ler una das moitas cartas que temos dos enfermos, dicindo que quere que conste en acta a entrega destas aos Concelleiros e o contido da que vou leer, co seguinte tenor literal.

“FEDERACIÓN VECINAL LUCENSE

COMISIÓN PROMOTORA DE I.L.P.

Don José Manuel Arias Núñez vecino de la ciudad de Lugo.

EXPONE:

En el mes de mayo del 2014 me diagnosticaron cáncer de garganta; sobre el 20 de julio empiezan a darme quimioterapia en Lugo, cuatro sesiones de cada 21 días, cada sesión de las citadas duran entre SIETE Y OCHO HORAS, es decir, una jornada de trabajo. Observando los oncólogos y otorrinos que yo mejoraba, deciden mandarme a radioterapia a la Coruña; dándome TREINTA Y TRES de radio y quimioterapia, las primeras duraban entre 10 y 15 minutos mientras que las de quimio me levantaba a las 7:15 de la mañana, teniendo que coger el bus urbano a las 8:00, llegando al HULA tenía consulta médica sobre las 9:30 o 10:00, y si los análisis me daban bien es cuando me pedían la quimio, que tardaba aproximadamente UNA hora en llegar, y después me la ponían con una duración de unas tres horas. Acabo de dar la quimio e inmediatamente sin descanso me iba para la ambulancia que salía con dirección a la Coruña a las 15:30. No disponía de tiempo para comer, ni tomar nada hasta que LLEGABA A CASA A LA HORA DE CENAR.

Llegábamos a la Coruña sobre las 16:45 horas y teníamos que esperar cerca de una hora, o algo más para entrar dar la sesión de Radioterapia que dura unos DIEZ MINUTOS, y luego esperar por el resto de compañeros que iban en la ambulancia. La mayor parte de esta



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ruta la hice con SIETE personas en la ambulancia, saliendo con un problema de mi casa y compartiendo siete en el viaje, como mareos, vómitos, comentarios, caras enfermas, frío, niebla y lluvia invernal, con todo el riesgo que esto conlleva.

Después de esperar por los compañeros más de una hora, hambriento, salíamos de Coruña entorno a las 18.30 o 19:00, llegando a Lugo una hora y poco más tarde, todo un calvario; este horario a veces no era real, ya que estando en le Hospital Oncológico, fallaba la máquina y teníamos que esperar a que viniese el técnico, que tardaba aproximadamente un ahora, cuando era capaz de arreglarla, sinó, nos veníamos sin dar la sesión de radioterapia, lo que encima ocasionaba llegar una hora más tarde a Lugo.

Cuando me diagnosticaron esta enfermedad, psicológicamente se me vino el mundo encima, esta me produjo un cambio degenerativo importante en mi vida, padeciendo muchos efectos secundarios, como cojera de un apierna, muchos vómitos, náuseas, mareos, dolores de cabeza, ligera pérdida de visión, muchas noches sin dormir, menos ganas de comer por lo tanto debilidad, pérdida del gusto de la comida y sobretodo estado de nervios y angustia tremenda.

A veces me daban ganas de no ir a la Coruña por el mareo y el cansancio acumulado como consecuencia de los muchos kilómetros, las muchas horas de viaje, solo y lejos de mis amigos y los que es más importante, MI FAMILIA: Todo este calvario no se lo deseo ni am i peor enemigo.

Por lo tanto yo quiero pedir que estos servicios de Hemodinámica, radioterapia y medicina nuclear vengan para Lugo y para el HULA en la mayor brevedad posible, para que no tengamos que andar tirados por las carreteras, NO QUIERO ni oír hablar de las RUTAS DEL CÁCER, NO QUIERO más traslados de infartados a la Coruña, quiero recordarles a los políticos Gallegos que estos servicios fueron prometidos en la inauguración del HULA va hacer CUATRO años y después de tanto tiempo seguimos esperando. TENEMOS UN HOSPITAL GRANDE PERO NO UN GRAN HOSPITAL.

Por lo tanto pido que todos los políticos se pongan de acuerdo e insten al organismo pertinente para que estos servicios no sufran más demoras; espero que nuestras peticiones sean oídas, atendidas y realizadas, por el bien de todos los ciudadanos de la provincia de Lugo, y que lo pagamos con nuestros impuestos y además FUE PROMETIDO.

También quiero dejar claro, al respecto de los comentarios dichos por parte de algunos políticos acusando a otros de utilizarnos a los enfermos para sus fines, yo no voy a juzgar si me utilizan o no me utilizan, lo que si tengo claro es que el día que me acompañaron me sentí arropado y comprendido, y con la ayuda necesaria para seguir con mi lucha personal.

Quiero dar las gracias a todos los de la comisión promotora de la ILP por el maravilloso trabajo que están realizando en beneficio de los enfermos y ciudadanos de Lugo.

Lugo, 12 de Diciembre de 2014. José Manuel arias Núñez”.

Perderonse catro anos esperando por este tema, porque nadie lle mandou prometer ao Sr. Feijoo o que non pode cumprir.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que este asunto está pasiño a pasiño segundo os prazos que se poden ir cumprindo, e xa sabe que para finais de ano os equipos estarán instalados e os lucense xuzgarán a xestión.

Dona Sonsoles López Izquierdo di que curiosamente en decembro sairá adiante coincidindo coas eleccións, pero os que morreron xa non poderán xuzgar.

A continuación, procédese á votación da Moción, que resulta rexeitada polos nove votos en contra dos Concellerios do Grupo Municipal Popular, polo único voto a favor da Concelleira do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dáselle a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que xa viu que está resolta, despois de dous anos dende que se fixera esta pregunta.

O contido da pregunta co tenor literal presentada en data 23 de xaneiro de 2015 (Rex. Entrada núm. 87); é o seguinte:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno o seguinte:

PREGUNTA:

Os sinais da parroquia de Sta. Cristina localizados no cruce da Praza do Campo seguen a estar depositados sobre unha das árbores da citada praciña.

¿Cando ten previsto o Concello colocalas, ou, no seu defecto, retiralas de alí?

En Paradela a 13 de xaneiro de 2015

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do vinte e nove de xaneiro de dous mil quince, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde**

O Secretario-Interventor